



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CD3SAN000900	Hixiene bucodental	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1708	Sustentabilidade aplicada ao sistema produtivo	2024/2025	1	30	30

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ALBERTO-IGNACIO MORALES CAMACHO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral do título de técnico superior en Hixiene Bucodental consiste en promover a saúde bucodental das persoas e da comunidade, mediante o desenvolvemento de actividades preventivas e técnico-asistenciais que inclúen a exploración, a avaliación, a promoción e a realización de técnicas odontolóxicas en colaboración co/coa odontólogo/a ou co/coa médico/a estomatólogo/a. Como membro dun equipo de saúde bucodental realizará a súa actividade profesional con criterios de calidade, seguridade e óptimo aproveitamento dos recursos.

A presente programación didáctica, está elaborada en coordinación con outros módulos, sobre todo con outros módulos de primeiro curso como Recepción e loxística na clínica dental e Exploración da cavidade oral. Levarase a cabo no CIFP Manuel Antonio, centro público dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, que se atopa as aforas da cidade de Vigo preto ao hospital Meixoeiro e no que se imparten ciclos formativos das Familias de Sanidade, Química, Industrias alimentarias, Hostalaría e Turismo e Textil. O concello conta ademais con outras infraestruturas que favorecen a formación do noso alumnado como a biblioteca universitaria ou a escola oficial de idiomas. Centrando a zona máis próxima na área metropolitana de Vigo, existe un tecido de institucións e empresas relacionadas coa saúde bucodental moi amplo como clínicas dentais ou unidades de saúde bucodental do SERGAS.

Dentro das características máis salientables do alumnado cabe destacar que a maioría acceden a través do título de Bacharelato, modalidade ciencias da saúde, atopando minoritariamente alumnado procedente doutras vías de acceso, tales como ter superado o COU (caso de persoas que retoman estudos), estar en posesión dunha titulación universitaria ou mediante proba de acceso, podendo haber algún alumno ou alumna que teña superado os Ciclos Medios TCAE. Normalmente existe un maior número de alumnado feminino, aspecto que teremos en conta para crear grupos heteroxéneos e fomentar a igualdade. No relativo ás características psicolóxicas, atopámonos ante alumnos/as que teñen adquirido o pensamento adulto. Ó tratarse dunha etapa de escolarización postobligatoria, a maior parte ten unha actitude favorable cara a aprendizaxe, aínda que as motivacións, intereses, capacidades e formas de aprender son moi diferentes en todos eles. Prográmase para un único grupo onde a ratio profesor-alumno/a é de 1/ 22.

A resolución do 10 de xullo de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións sobre a ordenación e a organización dos graos D e E de formación profesional para o curso 2024/25 completa o DECRETO 86/2016, do 4 de maio, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Hixiene Bucodental engadindo, entre outros, a importancia da sustentabilidade para a formación do alumnado dos ciclos formativos.

Con todo, este módulo profesional contén a formación necesaria para o desenvolvemento de coñecementos e competencias básicas en economía verde, sustentabilidade e impacto ambiental da actividade, así como as condicións en que as exixencias da transición ecolóxica que modifican os procesos produtivos do sector dental. As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en atención primaria e en unidades de hixiene bucodental de atención especializada.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

- Manexo das fontes de información para a elaboración de prácticas sustentables, en especial no referente ao sector profesional dental.
- Posta en práctica de técnicas activas de desenvolvemento sustentable.
- Identificación dos procesos de produción e criterios de sustentabilidade aplicados.
- Manexo de fontes de información, incluídos os recursos da internet para a procura de estratexias de sustentabilidade no contorno do sector profesional.



- Preparación e realización de plans de sustentabilidade, identificando os seus grupos de interese e os aspectos ASG materiais, e xustificando accións para a súa xestión e a súa medición no sector de referencia.
- Familiarización coas métricas de avaliación do desempeño da empresa de acordo cos estándares de sustentabilidade máis amplamente utilizados.
- Formación de equipos na aula para a realización de actividades que permitan a elaboración dun informe de sustentabilidade co plan e os indicadores propostos.
- Análise dos principais marcos e acordos internacionais da sustentabilidade. Obxectivos do desenvolvemento sustentable máis relevantes do sector profesional.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A sustentabilidade e os seus retos.	Expón as bases da sustentabilidade como eixo fundamental para acadar os obxectivos da axenda 2030.	5	17
2	As metas da sustentabilidade.	Identifica os ODS como metas do desenvolvemento sustentable.	5	16
3	A clínica dental e o medio ambiente.	Posiciona á clínica dental como empresa que contribúe aos aspectos ASG.	5	17
4	Deseño e produción sustentable.	Estuda o ciclo de vida do produto e propón as claves da economía circular para contribuír ao desenvolvemento sustentable.	5	16
5	Medindo a sustentabilidade.	Aplica os medidores de sustentabilidade como base para desenvolver estratexias sustentables no sector.	5	17
6	O plan de sustentabilidade e outros documentos.	Establece as bases para analizar un plan de sustentabilidade das empresas do sector dental.	5	17

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A sustentabilidade e os seus retos.	5

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica os aspectos ambientais, sociais e de gobernanza (ASG) relativos á sustentabilidade tendo en conta o concepto de desenvolvemento sustentable e os marcos internacionais que contribúen á súa consecución	SI



4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Describiuse o concepto de sustentabilidade, establecendo os marcos e os acordos internacionais asociados ao desenvolvemento sustentable
CA1.2 Identifícaronse os piares ambientais, sociais e de gobernanza que influen no desenvolvemento sustentable das organizacións empresariais
CA1.3 Relaciónáronse os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) coa súa importancia para a consecución da Axenda 2030
CA1.4 Analizouse a importancia de identificar os aspectos ASG máis relevantes para os grupos de interese das organizacións, relacionándoos cos riscos e coas oportunidades que supoñen para a propia organización
CA1.5 Identifícaronse os principais estándares de métricas para a avaliación do desempeño en sustentabilidade, os seus indicadores e o seu papel, segundo a lexislación vixente e as futuras regulacións en desenvolvemento
CA1.6 Describiuse o investimento socialmente responsable (ISR) e o papel que desempeñen os analistas financeiros e investidores

4.1.e) Contidos

Contidos
Principais estándares de medición da sustentabilidade. Indicadores. Lexislación vixente. Definición de investimento socialmente responsable (ISR): criterios éticos, ambientais e sociais. Tipos de ISR. Piares ambientais, sociais e de gobernanza transcendentales no desenvolvemento sustentable das organizacións. Identificación dos aspectos sociais e de gobernanza (ASG) nas organizacións. Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable. Relevancia para a consecución da Axenda 2030. Introdución ao concepto de sustentabilidade. Repercusión na economía globalizada. Marcos e acordos internacionais da sustentabilidade.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	As metas da sustentabilidade.	5



4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Caracteriza os retos ambientais e sociais describindo os impactos sobre as persoas e os sectores produtivos, e propón accións para os minimizar	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícaronse os principais retos ambientais e sociais
CA2.2 Relacionáronse os retos ambientais e sociais co desenvolvemento da actividade económica
CA2.3 Analizouse o efecto dos impactos ambientais e sociais sobre as persoas e os sectores produtivos
CA2.4 Identifícaronse as medidas e as accións encamiñadas a minimizar os impactos ambientais e sociais
CA2.5 Analizouse a importancia de establecer alianzas e de traballar de maneira transversal e coordinada para abordar con éxito os retos ambientais e sociais, e lograr os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable

4.2.e) Contidos

Contidos
Principais retos ambientais e sociais: superpoboación, cambio climático, consumo de auga e materias primas, economía circular, deforestación, contaminación, enerxías renovables (hidróxeno verde, eólica, solar etc.), descarbonización etc.
Impactos ambientais, sociais e as súas consecuencias sobre as persoas e os sectores produtivos
Medidas e métodos encamiñados a minimizar e/ou reducir os impactos ambientais e sociais.
Impactos ambientais, sociais e as súas consecuencias co desenvolvemento da actividade económica.
Alianzas e sinerxías público-privadas para o logro dos ODS.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	A clínica dental e o medio ambiente.	5



4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Establece a aplicación de criterios de sustentabilidade na actividade profesional e na contorna persoal	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícanse os ODS máis relevantes para a actividade profesional que realizan
CA3.2 Analizáronse os impactos reais e potenciais relacionados cos ODS
CA3.3 Analizáronse as actitudes persoais na consecución dos ODS
CA3.4 Identifícanse as prácticas sustentables no ámbito profesional que contribúan ao cumprimento dos ODS

4.3.e) Contidos

Contidos
Riscos, impactos reais e potenciais relacionados cos ODS.
Contribución das actitudes persoais na consecución dos ODS.
Adopción de prácticas sustentables no ámbito profesional que contribúan ao cumprimento dos ODS.
Identificación dos aspectos de sustentabilidade e ODS máis salientables do sector produtivo correspondente.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Deseño e produción sustentable.	5



4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Propón produtos e servizos responsables tendo en conta os principios da economía circular	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Determináronse os modelos de produción e consumo actual
CA4.2 Analizouse o ciclo de vida do produto
CA4.3 Identificáronse os principios da economía verde e circular
CA4.4 Contrastáronse os beneficios da economía verde e circular fronte ao modelo clásico de produción
CA4.5 Aplicáronse principios de ecodeseño
CA4.6 Identificáronse os procesos de produción e os criterios de sustentabilidade aplicados

4.4.e) Contidos

Contidos
Descrición dos principios e os beneficios da economía verde e circular, a biodiversidade e a actividade económica fronte ao modelo clásico de produción. Características principais dos modelos de produción e consumo actual en produtos e servizos. Descrición dos principios e os beneficios da economía verde e circular, a biodiversidade e a actividade económica fronte ao modelo clásico de produción. Identificación dos procesos de produción e os criterios de sustentabilidade aplicados. Produtos sustentables: ecodeseño. Análise de sustentabilidade do ciclo de vida de produtos e servizos.



4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Medindo a sustentabilidade.	5

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Realiza actividades sustentables minimizando o impacto destas no ambiente	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Caracterizouse o modelo de produción e consumo actual
CA5.2 Identificáronse os principios da economía verde e circular
CA5.3 Contrastáronse os beneficios da economía verde e circular fronte ao modelo clásico de produción
CA5.4 Avaliouse o impacto das actividades persoais e profesionais
CA5.5 Aplicáronse principios de ecodeseño
CA5.6 Aplicáronse estratexias sustentables
CA5.7 Analizouse o ciclo de vida do produto
CA5.8 Identificáronse os procesos de produción e os criterios de sustentabilidade aplicados
CA5.9 Aplicouse a normativa ambiental



4.5.e) Contidos

Contidos
Modelos de produción e consumo actual en diferentes actividades ou produtos sustentables. Aplicación de estratexias sustentables. Valoración dos beneficios da economía verde e circular fronte ao modelo clásico de produción. Apreciación do impacto das actividades persoais e profesionais. Materialización dos principios de ecodeseño nas actividades ou nos produtos sustentables. Análise das fases do ciclo de vida do produto. Criterios de sustentabilidade aplicados nos procesos de produción. Aplicación dos principios da economía verde e circular. Cumprimento de normativa ambiental.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	O plan de sustentabilidade e outros documentos.	5

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Analiza un plan de sustentabilidade dunha empresa do sector, identificando os seus grupos de interese e os aspectos ASG materiais, e xustifica accións para a súa xestión e a súa medición	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Identifícanse os principais grupos de interese da empresa



Criterios de avaliación
CA6.2 Analizáronse os aspectos ASG materiais, as expectativas dos grupos de interese e a importancia dos aspectos ASG en relación cos obxectivos empresariais
CA6.3 Definíronse accións encamiñadas a minimizar os impactos negativos e aproveitar as oportunidades que presentan os principais aspectos ASG identificados
CA6.4 Determináronse as métricas de avaliación do desempeño da empresa de acordo cos estándares de sustentabilidade máis amplamente utilizados
CA6.5 Elaborouse un informe de sustentabilidade co plan e os indicadores propostos

4.6.e) Contidos

Contidos
Accións encamiñadas a minimizar os impactos negativos e a aproveitar as oportunidades que presentan os principais aspectos ASG identificados.
Elaboración dun informe de sustentabilidade co plan e os indicadores propostos.
Establecemento das métricas de avaliación acerca do desempeño da empresa tendo en conta os estándares de sustentabilidade máis amplamente utilizados.
Análise de todos os aspectos ambientais, sociais e de gobernanza, das expectativas dos grupos de interese e da importancia dos aspectos ASG en relación cos obxectivos empresariais.
Identificación dos principais grupos de interese da empresa.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXIXIBLES

Serán mínimos exixibles todos os criterios de avaliación (CA) indicados como mínimo exixible para cada Unidade Didáctica nesta programación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Coa finalidade de avaliar o alumnado, emitírase unha cualificación trimestral para o informe de avaliación correspondente, que será a media ponderada das cualificacións obtidas ao longo do trimestre, de acordo coas seguintes indicacións:

- Unha parte teórica que representa o 60% da cualificación global correspóndese coa suma dos CA's asociados co instrumento de avaliación proba escrita (PE) aplicados sobre os exames teóricos. Estas probas poderán constar de:

a) De resposta curta



b) Tipo test de resposta única

c) De relacionar

d) De sinalar verdadeiro ou falso.

e) Resolución de casos prácticos ou problemas

Os exames ensinaranse ao alumnado corrixidos e cualificados e quedarán arquivados en poder do profesor.

- Unha parte práctica que representa o 40% da nota global, e correspóndense coa suma dos CA's asociados co instrumento de avaliación "táboa de observación" (TO) que serán aplicados sobre os seguintes elementos: tarefas relacionadas con supostos prácticos propostos polo profesor na aula e entregadas na aula virtual do curso.

NOTAS ACLARATORIAS

- Para poder superar o módulo en modalidade ordinaria será imprescindible ter entregado antes da data establecida para a avaliación, todas as tarefas avaliadas realizadas durante o trimestre. Esta data de entrega será comunicada con anterioridade polo profesor. Sempre que sexa posible o método de entrega será a aula virtual do CIFP Manuel Antonio.

- Ao final de curso todas as tarefas avaliadas quedarán en poder do profesor.

- As cualificacións obtidas en cada un dos instrumentos de avaliación empregados farán media a partir de 5 sobre 10.

- Os alumnos que teñen algunha parte suspensa: nota do 1 ó 4, será indicativo de que teñen que facer algunha actividade de recuperación, daquelas partes que teñan pendentes, e ata a súa superación a súa cualificación será como máximo un 4.

- As recuperacións da parte ou partes non superadas serán despois da entrega do boletín de notas no caso da primeira e segunda avaliación.

- A nota final de curso será a suma ponderada de cada unidade didáctica segundo o reflectido nesta programación didáctica, sempre e cando estean superadas.

- Para realizar a media, emprégase a nota con decimais obtida en cada avaliación.

- A nota final exprésase sen decimais, aproximando ao número enteiro máis próximo.



6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

A recuperación enténdese non só como exame de recuperación, senón como actividade de recuperación; é unha parte máis do proceso de ensinanza-aprendizaxe e iníciase en canto se detecta a deficiencia no alumnado, no seguimento da súa evolución, realizando con él/ela actividades complementarias de reforzo e apoiando aqueles puntos onde ten dificultades. Si, aínda así, o alumno/a non supera a avaliación, programaranse actividades de recuperación que terán por obxecto orientar a aprendizaxe destes alumnos/as, permitíndolle solventar as súas carencias de aprendizaxe. As actividades de recuperación serán semellantes ás actividades propostas nas distintas unidades didácticas, e sempre programadas cun nivel crecente de dificultade.

Cada unidade didáctica vai acompañada de actividades de reforzo con cuestións ou casos prácticos, no seu caso, sobre os contidos da mesma. A realización destas actividades de reforzo constitúe unha boa axuda para a recuperación. O profesor estará dispoñible para que o alumnado pregunte as dúbidas que se lle formulen ao repasar tanto os contidos teóricos coma as cuestións prácticas.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Neste módulo prodúcese a perda do dereito á avaliación continua por falta de asistencia non xustificada a 3 horas de clase (10% do total), o que supón 3 sesións. A situación de Perda de dereito de avaliación continua será comunicada polo titor por escrito ou ABALAR ao alumnado para que teña constancia da mesma.

Na data publicada na aula virtual do módulo o alumnado con PD someterase a unha proba extraordinaria previa a avaliación final de módulos, tal como establece o artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011 para avaliar a adquisición dos resultados de aprendizaxe:

1. Proba escrita: 60% da cualificación total.
2. Suposto práctico: 40% da cualificación total.

Ambos instrumentos de avaliación serán valorados sobre 10. A nota calcularase sumando a cualificación dos dous instrumentos anteriores, sempre e cando se alcance a nota mínima de 5 en cada un. Para realizar esta suma, emprégase a nota ponderada con dous decimais. A nota da avaliación extraordinaria exprésase sen decimais, aproximando ao número enteiro máis próximo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Realizarase mensualmente o seguimento da programación na aplicación informática implantada para tal fin. Este seguimento será comentado nas sucesivas reunións de departamento, segundo indica o procedemento. No seguimento detallaranse as razóns no desvío do cumprimento da programación, coa fin de corrixir as posibles carencias ou axustar en cursos sucesivos, a programación a situación real.

Levarase a cabo unha reunión mensual de todo o equipo docente do curso para levar a cabo o seguimento da programación onde avaliarase a programación desenvolta nese período e sinalaranse aquelas



actividades que non se puideron realizar e as súas causas; asemade as melloras e cambios que se deberían acometer para mellorar a evolución do grupo. Ao remate de dita reunión levantarase unha acta polo titor do curso onde quede reflexado o seguimento.

Respecto a avaliación da práctica docente se deberá contemplar unha análise persoal e con sentido crítico da marcha do curso e os resultados académicos, comprobando se o alumnado acadou os resultados de aprendizaxe sinalados. Será levada a cabo a través dun cuestionario ao remate da primeira avaliación e ao finalizar o módulo (recabarase información sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula ou no taller, técnicas de avaliación e valorarase se se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas).

Ao remate do curso, realizarase a Memoria final do módulo segundo o modelo establecido (MD.85.PRO.04), na que se incluírán todas as propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán de base para a elaboración da programación do vindeiro curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realizarase unha avaliación inicial, sen cualificación para o alumnado, para coñecer o dominio de ferramentas e conceptos básicos en saúde, hixiene e técnicas de comunicación para así saber con que nivel comezar a traballar a módulo profesional.

Esta avaliación inicial farase realizando preguntas sobre as unidades, ferramentas imprescindibles para realizar os casos prácticos; e que permiten acadar os obxectivos mínimos do módulo, ademais do uso das ferramentas informáticas para poder suplir as carencias que se detecten nestes aspectos. Coa avaliación inicial trátase de establecer os coñecementos previos do alumnado, así como as súas aptitudes, capacidades e, incluso, motivación.

Outro aspecto importante relativo a avaliación inicial é que permite descubrir posibles necesidades de atención específica no alumnado, o que permite deseñar medidas de reforzo educativo e medidas de atención a diversidade.

A enquisa de avaliación inicial do alumnado realizada polo titor co apoio do Departamento de Orientación, no marco do sistema de control da calidade do centro, constitúe unha ferramenta fundamental que contribúe a descubrir posibles necesidades de atención específica no alumnado, o que permite deseñar medidas de reforzo educativo e medidas de atención a diversidade. Segundo o artigo 28 da Orde do 12 de Xullo de 2011, o/a titor/a levantará acta dos acordos da sesión de avaliación inicial do equipo docente, e remitirá copia á Xefatura de Estudos.

En cada unidade didáctica, na presentación da mesma, tamén se farán preguntas para saber cal é a base que teñen os alumnos/as ou que preconceitos teñen. Así mesmo, as reunións mensuais de equipo docente permite facer o seguimento do grupo no seu conxunto e de cada alumno/a, en particular, coa fin de deseñar estratexias para mellorar o ensino e aprendizaxe do alumnado.



8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Como se xustifica no apartado anterior, as medidas para a atención á diversidade do alumnado son unha medida destinada para dous tipos de necesidades. Por unha banda, os alumnos e alumnas que necesiten axuda porque non alcanzaron os obxectivos propostos como básicos para os que se indican actividades de reforzo. Polo outro, aqueles alumnos que realizaron as actividades de desenvolvemento de forma satisfactoria, e contan con capacidades que lles permitan unha ampliación de coñecementos, para os que achegaremos actividades de ampliación. Como se pode observar na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, como medidas de tipo ordinario, a atención á diversidade do alumnado ten unha resposta en tres planos:

- a. Na propia programación que se realiza a través do desenvolvemento das unidades didácticas.
- b. Na posta en práctica da programación, que está aberta ao profesor para que introduza as variacións convenientes e acomode a súa metodoloxía ás necesidades do alumnado.
- c. Nas diversas posibilidades dos materiais. Isto comprende en primeiro lugar ao alumnado, por exemplo mediante actividades de reforzo, actividades de ampliación, plans persoais de aprendizaxe, etc.

No marco do anteriormente citada ORDE do 8 de setembro de 2021, para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE), poden empregarse medidas de adaptación. Estas medidas deben elaborarse acorde ao informe do alumno realizado polo Departamento de Orientación, e buscando a cooperación de todo o equipo docente do ciclo. Ademais, de acordo co artigo 61 do decreto 114/2010 do 1 de xullo e o artigo 15 da Orde do 12 de xullo de 2011, o alumnado con necesidades educativas especiais, con arranxo a o establecido no artigo 73 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de modo fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta da establecida con carácter xeral, isto poderá ser levado a cabo en función dos datos obtido na avaliación inicial e informes asociados e sempre coa colaboración do Departamento de Orientación Educativa e Inspección Educativa.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

No artigo 2 do Decreto 114/2010 do 1 de xullo, explica que unha das finalidades da formación profesional dirixírase a conseguir o desenvolvemento integral da persoa á marxe dos estereotipos e dos papeis en función do sexo, ou rexeitamento de toda forma de discriminación e a garantía dunha orientación académica e profesional non condicionada polas diferenzas sexuais. Ademais, segundo o devandito artigo na preparación das persoas cobrará singular importancia a transmisión de actitudes e normas para un desempeño profesional respectuoso co medio, cumpridor da normativa de seguridade e prevención de riscos laborais, e procurando a calidade e a mellora continua da súa actividade profesional, e o seu espírito emprendedor. Cabe destacar que desde a formación profesional tamén deféndese a igualdade entre mulleres e homes. Así, no artigo 45 do Decreto 114/2010 do 1 de xullo, podemos observar que en caso de empate á hora de xestionar a admisión do alumnado a un ciclo formativo, co fin de fomentar as vocacións nas áreas con menor representación de mulleres ou de homes, seleccionárase en virtude do sexo menos representativo na área profesional en que se demande a praza de formación.

Finalmente, non debemos esquecer a educación medioambiental, un aspecto transversal moi importante hoxe en día, polo que se empregará a aula virtual usando o menor papel posible, ademais de incidir na importancia do uso sostible de recursos. Por último, ao longo do módulo traballarase en profundidade a sustentabilidade, entendendo ao técnico en hixiene bucodental como un axente fundamental no desenvolvemento sustentable na comunidade.



9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Levaranse a cabo actividades complementarias á formación (ACF) relacionadas co ciclo que teñan lugar durante o curso académico, tales como: charlas, cursos e congresos.

Estas actividades, que se pretende levar a cabo ó longo do curso, por un lado serven de enlace co entorno laboral e profesional futuro do alumnado e, por outro, son un complemento das actividades puramente lectivas reforzando os contidos impartidos no centro de ensino.

Son actividades de carácter interdisciplinar con outros módulos do ciclo: intervención bucodental, exploración da cavidade oral e epidemioloxía da saúde oral e cumpren coa normativa das actividades complementarias D7/1999 de 7 de xaneiro. Ademais procuran o traballo de temas transversais como a iniciativa emprendedora ou a PRL tal e como recolle o RD1147/2011 de 29 xullo.

10. Outros apartados

10.1) Información ao alumnado

- Ao comezar o curso a programación didáctica explicase na aula aos alumnos e estará dispoñible na aula virtual do CIFP Manuel Antonio a versión para o alumnado para poder consultala ao longo de todo o curso.
- Queda terminantemente prohibido compartir, copiar, fotografar o material (apuntamentos, imaxes, exames...) empregado polo docente. As medidas a tomar co alumnado que incumpra o serán decididas por todo o equipo docente.

10.2) Bibliografía recomendada

- FUNDACIÓN NATURGY DIRECCIÓN DE SOSTENIBILIDAD. (2023) MÓDULO PROFESIONAL DE SOSTENIBILIDAD APLICADA AL SISTEMA PRODUCTIVO. NATURGY
- LABIÁN FERNÁNDEZ-PACHECO, B.; PEÑA RUIZ, M. TERCERO COTILLAS, R. (2024) SOSTENIBILIDAD APLICADA AL SISTEMA PRODUCTIVO. SÍNTESIS
- MONTANYÀ REVUELTO, M. (2024) SOSTENIBILIDAD APLICADA AL SISTEMA PRODUCTIVO. MGRWHILL